

Pacto para o bo uso das videoconsolas en familia

is4k INTERNET
SEGURA
FORKiDS

En _____, a _____ de _____ de _____.

INTERVIMOS (Nome)

COMPROMETÉMONOS A UTILIZAR AS VIDEOCONSOLAS DE XEITO SEGURO E RESPONSABLE DE ACORDO COAS SEGUINTE CONDICIÓNS

HORARIOS DE USO



1. O **tempo máximo** de utilización **cada semana** é de _____ horas/minutos por persoa.
 - a. Nos **días de clase** só se poderá utilizar neste horario _____
 - b. As **fins de semana** e en **vacaciones** utilizarase neste horario _____
 - c. Pero **só se se cumpriu coas responsabilidades** diarias (estudo, tarefas domésticas).
2. **Cada sesión de xogo durará** un máximo de _____ minutos (máximo recomendado 60').
3. **Gardaremos a partida e apagaremos a videoconsola cando finalice este tempo.**
4. **As excepcións son excepcións.** Falámolo xuntos antes de empezar a xogar e decidimos.

CONFIGURACIÓN DE LA VIDEOCONSOLA



5. A **videoconsola estará** en _____ (recomendado un lugar familiar de uso común para todos), así todos nos faremos máis conscientes de que hai máis persoas dentro e fóra do xogo.
6. Establecemos **diferentes perfís** para cada xogador/a.
7. **Activamos as opcións de control parental** para estar máis seguros.

ELIXIR VIDEOXOGOS



8. **Antes de descargar, comprar ou poñer un xogo novo** falámolo xuntos:
 - a. **Reflexionamos** sobre a nosa experiencia con outros xogos, que tipo de xogos nos resultan máis divertidos, ou cales poden ser algo repetitivos.
 - b. **Valoramos o propósito** do novo xogo: educativo, ocio, estratexia, acción, etc.
 - c. **Comprobamos a súa etiquetaxe PEGI**, idade orientativa e contidos de risco.

MENTRES XOGAMOS



9. Procuramos utilizar nomes de xogador, **alias ou nicknames** que non nos identifiquen. **Evitamos sempre o noso nome e apelido real.**
10. Si necesitamos un **contrasinal**, procuramos que sexa **seguro** (nada de palabras reais, datas ou números de teléfono. Mellor combinemos letras, números e símbolos).
11. **O xogo é só un xogo.** Se algo non sae como agardamos, non é a fin do mundo! Confiamos en nós mesmos e volvémoslo intentar outra vez.
12. Se xogamos **con amigos/as**:
 - a. Antes de empezar, concretamos **como nos imos turnar**. Dependendo do tipo de xogo pode ser por partidas, por tempos, ...
 - b. **Se colaboramos** entre todos, o xogo será **máis divertido!**
 - c. Ante un malentendido, **paramos o xogo e falámolo** antes de continuar.
13. **Se nos contacta outro xogador/a por chat, mensaxe, etc., nunca lle damos datos persoais:** coma o nome, o enderezo, os lugares onde adoitamos estar (centro educativo, club deportivo...), número de teléfono, contas en redes sociais...
14. Xogamos para aprender e para pasar un bo momento, non para enfadarnos nin para andar molestando a outros xogadores ou ó resto da familia. **Respecto!**
15. **Se alguén nos molesta**, comentámolo en familia, bloqueámolo e se é preciso informámolo á plataforma.

ESTAMOS XUNTOS NISTO



16. A medida que vaíamos mostrando maiores niveis de responsabilidade e madurez, **iremos actualizando xuntos este pacto para que reflecta unha maior liberdade.**
17. De cando en vez, **xogamos xuntos en familia**, falamos de como nos foi no xogo, dos nosos logros e dificultades, o tempo que dedicamos e como nos sentimos.
18. Recordemos que tamén é boa idea **dedicar tempo xuntos a outras actividades** coma o deporte, a música, a natureza...
19. Se temos **dúbidas ou problemas**, sempre nos escoitamos en **familia**, e se necesitamos máis ayuda, podémonos apoiar na **Liña de Axuda en Ciberseguridade de INCIBE.**



TU AYUDA EN
CIBERSEGURIDAD
incibe_

ASINADO: